



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

FELIPE VÁZQUEZ GARCÍA, oficial maior do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o día 09 de setembro de dous mil vinte, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

6º.-APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DO DEREITO DE OCUPACIÓN TEMPORAL DO SOLO PÚBLICO PARA FACILITAR A ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DAS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA AOS EDIFICIOS

O concelleiro-delegado deu conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo e Coordinación do Goberno de data 04/09/2020.

Os antecedentes do expediente con referencia 2020/X999/001656, son basicamente os seguintes:

-En data 01/03/2020 (RE núm. 502), preséntase no rexistro municipal un texto de ordenanza reguladora da concesión do dereito de ocupación temporal do solo público para facilitar a accesibilidade universal das persoas con mobilidade reducida aos edificios. O texto redactouno a arquitecta Sonia Romero Teijo. A ordenanza desenvolve a normativa urbanística relativa á ocupación do dominio público indispensable para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución, e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público.

O arquitecto contratado polo concello no ámbito do asesoramento técnico e urbanístico, informa favorablemente o contido da ordenanza o día 22/06/2020.

En data 06/07/2020, publícase na sede electrónica do concello o texto da ordenanza para os efectos de realizar o trámite de consulta pública previa que reflicte o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) e co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de aprobación das normas de natureza regulamentaria, substanciase unha consulta pública, por un prazo de quince (15) días hábiles, a través do Portal de Transparencia desta entidade local, integrado na páxina web aspontes.org.

Transcorrido o prazo indicado, non se presentou ningunha suxestión para a redacción da ordenanza, co que non se introduciron cambios ao texto inicial.

A secretaria municipal emite informe xurídico favorable ao texto da ordenanza o día 29/07/2020.

O presidente dá as explicacións sobre o texto da ordenanza.

Ao remate das intervencións, o presidente somete o acordo a votación.

O Pleno do Concello en base ao disposto nos artigos 4.1^a), 22.2d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 6.1^a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, por unanimidade dos once membros presentes no acto, acorda:

- 1º) Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da concesión do dereito de ocupación temporal do solo público para facilitar a accesibilidade universal das persoas con mobilidade reducida aos edificios.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

2º) Abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións. O acordo de aprobación inicial someterase a información pública mediante a publicación do mesmo, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web.

3º) Entender definitivamente adoptado o acordo até entón provisional para o caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión e, nese caso, publicar no BOP o texto íntegro da ordenanza reguladora da concesión do dereito de ocupación temporal do solo público para facilitar a accesibilidade universal das persoas con mobilidade reducida aos edificios.

O texto da ordenanza aprobada inicialmente é o seguinte:

“ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DO DEREITO DE OCUPACIÓN TEMPORAL DO SOLO PÚBLICO PARA FACILITAR A ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DAS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA AOS EDIFICIOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 49 da Constitución Española establece como un dos principios que han de rexer a política social e económica dos poderes públicos, o de levar a cabo unha política de integración das persoas con discapacidade, amparándoas especialmente para o disfrute dos dereitos que o título I outorga a todos os cidadáns.

En resposta á dita situación a Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovacións urbanas, especificamente o artigo 10 da mesma, así como a previsión contida no artigo 24 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, con carácter de norma básica, achega a posibilidade de ocupación do dominio público viario, cando técnica e economicamente así se xustifique, para facilitar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos edificios, tanto públicos como privados, contribuíndo a promover a sostibilidade ambiental e a mobilidade urbana, atendendo ás esixencias dunha mellor calidade de vida.

A recente Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia no seu artigo 13 reincide na posibilidade da ocupación do dominio público indispensable para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución, e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público.

É importante destacar as particularidades urbanísticas do Concello das Pontes de García Rodríguez, por unha parte a existencia de desenvolvementos urbanísticos residenciais vinculados á produción industrial da Central Térmica de Endesa, a cal desenvolveu poboados residenciais para os seus traballadores, hoxe en día de idade avanzada, e que non se axustan aos parámetros actuais de accesibilidade e por outra parte, un desenvolvemento arbitrario do crecemento urbano que xunto a unha urbanización deficiente, acrecentou os problemas de accesibilidade.

Estas particularidades desembocaron nunha preocupación social xeneralizada respecto a mellorar as condicións de accesibilidade nos edificios e espazos urbanos, sendo moitas as demandas neste sentido en prol de dar resposta ás necesidades sociais en materia de accesibilidade.

Por todo isto o Concello das Pontes de García Rodríguez vese na necesidade de redactar unha Ordenanza específica que defina o marco legal necesario para a instalación de elementos de mellora de accesibilidade en solo público.

Artigo 1. Obxecto

O obxecto da presente Ordenanza é regular a concesión do dereito de ocupación temporal de solo libre por elementos de mellora da accesibilidade a edificacións, os cales teñan que facerse en tal lugar que supoña ou implique a ocupación do dominio público, a favor dos propietarios en inmobles do termo municipal das Pontes de García Rodríguez que así o soliciten de acordo aos trámites previstos na presente Ordenanza.

Artigo 2. Ámbito de Aplicación

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Edificios ou establecementos de uso público ou privado e edificios de vivendas plurifamiliares, sempre e cando non sexa viable técnica, construtiva ou economicamente, resolver a accesibilidade do edificio ou establecemento no interior do mesmo ou en espazo privativo exterior sen ocupar a vía pública, implicando a alternativa unha carga desproporcionada.

Vivendas unifamiliares, sempre que supoña unha carga desproporcionada resolver o desnivel dentro dos límites da parcela.

Para determinar se unha carga é ou non proporcionada teranse en conta as características da parcela e a disposición da edificación, os custos da medida, os efectos discriminatorios que a súa non adopción podería representar, a estrutura e características da persoa ou entidade que haxa de poñela en práctica e a posibilidade que teñan aquelas de obter financiamento oficial ou calquera outra axuda.

Entenderase que a carga é desproporcionada, nos edificios constituídos en réxime de propiedade horizontal, cando o custo das obras repercutido anualmente, e descontando as axudas públicas ás que se poida ter dereito, exceda de doce mensualidades ordinarias

de gastos comúns.

Artigo 3. Ámbito de exclusión

Esta Ordenanza non é de aplicación ás obras de nova planta e rehabilitación integral así como ás edificacións incursas en situación de fóra de ordenación conforme ao artigo 90 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e aquelas posteriores ás normas de planificación vixente que se atopen conforme ao artigo 153.1 da mesma Lei.

Artigo 4. Clasificación dos elementos que melloran a accesibilidade en edificios ou establecementos existentes.

Existen diversas solucións para eliminar as diferentes barreiras arquitectónicas que poden existir nun edificio. Estas solucións poden ser clasificadas atendendo á súa especificidade técnica e construtiva:

- Ramplas accesibles
- Elementos mecánicos de translación vertical ou oblicua accesible atendendo á xerarquía establecida nas normas vixentes de accesibilidade.

Na elección dos elementos a incorporar na edificación existente para mellorar as condicións de accesibilidade, o propietario ou comunidade de propietarios deberá seleccionar en primeiro lugar aquela alternativa que solucione os problemas de accesibilidade, satisfacendo as necesidades de accesibilidade de todos os habitantes e usuarios do inmovible.

Artigo 5. Cumprimento de parámetros urbanísticos

Ás obras e instalacións incluídas dentro do ámbito de aplicación da presente Ordenanza, seralles aplicable con carácter subsidiario e complementario, unicamente nos aspectos aquí non regulados, as Normas Subsidiarias de planificación vixente e toda a normativa específica en materia de accesibilidade.

As solucións adoptadas para o acceso a un edificio ou establecemento (ramplas, ascensores, plataformas...) deben cumprir os criterios de edificación esixidos pola Normativa, distintos dos criterios a aplicar no contorno exterior que serán de urbanización.

A instalación de elementos de mellora de accesibilidade nunha edificación existente, aínda cando puidera supoñer aumento de edificabilidade ou aproveitamento urbanístico, non computa neste tipo de obra nin xera dereitos de edificabilidade, e poderán instalarse en edificios que esgotasen a edificabilidade máxima asignada polo correspondente planificación.

As actuacións mencionadas non computarán a efectos de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións ou á vía pública ou aliñacións existentes nin no destino urbanístico do solo.

Será posible ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos como ramplas ou plataformas elevadoras, así como as superficies comúns de uso privativo, tales como vestíbulos, descansos, sobrecubertas, beirís e soportais, tanto se se sitúan no solo, como no subsolo ou no voo, cando non resulte viable, técnica, construtiva ou economicamente, ningunha outra solución para garantir as condicións básicas de accesibilidade e sempre que asegure a funcionalidade dos espazos libres, dotacións públicas e demais elementos do dominio público. Para tales efectos, permítese que aquelas

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

superficies non computen para os efectos do volume edificable, nin de aliñacións, nin de distancias mínimas a lindeiros, a outras edificacións ou á vía pública.

No caso da instalación de torres de ascensores polo exterior do edificio, e sempre e cando non resulte viable, técnica, construtiva ou economicamente, ningunha outra solución para garantir a accesibilidade universal, estas non computan a efectos de edificabilidade, ocupación e volume, non supoñen alteración da cualificación do solo no que se implantan e tampouco son de aplicación a elas as condicións de posición da edificación establecidas na planificación urbanística. Tamén se permite que, excepcionalmente, a separación mínima a lindeiros ou a outras edificacións establecidas na normativa urbanística, poida ocuparse pola instalación do ascensor sempre que a caixa do mesmo se axuste ás dimensións mínimas establecidas.

Enténdese instalación de ramplas ou outros elementos mecánicos de translación vertical ou oblicua accesibles como un elemento singular non afectado polas posibles aliñacións oficiais establecidas en el planificación, ao tratarse dunha ocupación privativa da vía pública autorizada con carácter provisional e en precario pola Administración Municipal.

Se a instalación do elemento de mellora de accesibilidade supón de forma inevitable a eliminación de algunha praza de aparcamento existente, non serán de aplicación as esixencias mínimas en canto a dotación de aparcamento incluídas na Normativa vixente.

A instalación das ramplas ou elementos mecánicos de translación vertical ou oblicua accesibles (a partir de agora RP ou ELM) deberán complementarse con todas as accións que puideran ser técnica e construtivamente esixibles co fin de eliminar as barreiras arquitectónicas existentes no edificio, establecemento ou parcela, necesarias para a adecuación efectiva do novo elemento a instalar.

A instalación non poderá incidir negativamente nas condicións de protección contra incendios, accesibilidade e habitabilidade que presente o edificio, se ben se poderán aplicar criterios de flexibilidade para a adecuación efectiva dos edificios e establecementos existentes ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.

A solución formulada debe permitir o correcto funcionamento do espazo en relación coa rede viaria, uso peonil e accesibilidade das vías ou espazos libres que se viran afectados, debendo quedar garantido o acceso para vehículos de emerxencia.

As condicións básicas de accesibilidade ás que deben adecuarse os edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva son as que establecen os Documentos

Básicos de Seguridade de utilización e accesibilidade (DB SUA) e de Seguridade en caso de incendio (DB SI) do Código Técnico da Edificación.

Son de aplicación o DB SUA e o DB SI do CTE, así como os seus comentarios e documentos de apoio (DA), que o Ministerio de Fomento publica e actualiza periodicamente. En particular, o DA DB SUA “Axustes razoables das condicións básicas de accesibilidade en edificacións existentes”

Nos ditos documentos establécese o marco de flexibilidade e as tolerancias admisibles cando se intervéen en edificación existente.

Con carácter xeral, o límite de tolerancia que se establece no CTE e os seus documentos interpretativos para poder considerar que o estado actual dunha determinada condición de accesibilidade é admisible é, así mesmo, o axuste que se pode considerar razoable cando a intervención sexa esixible e non sexa posible alcanzar a plena adecuación ás condicións básicas de accesibilidade.

Cando, aínda considerando as tolerancias, resulte urbanística, técnica ou economicamente inviable alcanzar o cumprimento do CTE e os seus documentos interpretativos ou, de ser o caso, isto resulte incompatible coa natureza da intervención ou co grao de protección do edificio, poderanse aplicar, baixo o criterio e responsabilidade do proxectista ou, de ser o caso, do técnico que subscriba a memoria, aquelas solucións que permitan o maior grao posible de adecuación efectiva ás condicións básicas de accesibilidade.

A posible inviabilidade ou incompatibilidade de aplicación ou as limitacións derivadas de razóns técnicas, económicas ou urbanísticas xustificaranse no proxecto ou na memoria, segundo corresponda, e baixo a responsabilidade e o criterio respectivo do proxectista ou do técnico competente que subscriba a memoria. Na documentación final da obra deberá quedar constancia do nivel de prestación alcanzado e dos condicionantes de uso e mantemento do edificio, se existen, que poidan ser necesarios como consecuencia do grao final de adecuación efectiva alcanzado e que deban ser tidos en conta polos propietarios e usuarios.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Artigo 6. Condicións xerais de concesión

6.1. Nos casos en que se xustifique a inviabilidade de resolver a accesibilidade dentro do perímetro da edificación (no interior do edificio ou en espazo privado interior), poderá autorizarse a instalación dos mesmos no exterior do edificio, se se cumpren as seguintes condicións:

a) Que sexa a única solución técnica e economicamente viable para satisfacer as condicións básicas de accesibilidade na edificación existente obxecto de actuación.

b) A solución formulada debe integrarse formalmente coa fachada do edificio no referente á súa composición, a forma e dimensións da caixa do ELM, materiais e cores empregados, se ben poderán aceptarse tamén como solucións válidas outras propostas innovadoras polos seus valores compositivos e estéticos. Nas fachadas das torres de ascensores non se permitirá ningún tipo de instalación da edificación ou baixantes de recollidas de pluviais.

c) Se asegure a funcionalidade dos espazos libres, redes e infraestruturas e servizos urbanos, dotacións públicas e demais elementos do dominio público que puideran verse afectados, en particular os recorridos peonís accesibles e rodados e que en todo caso queda garantido o acceso para vehículos de emerxencia.

Os servizos urbanos deberán ser retranqueados na súa totalidade fóra do espazo ocupado pola instalación dunha RP ou ELM. cando a afectación ao dominio público supoña a alteración das infraestruturas ou as condicións e características da viabilidade (mobiliario urbano, prazas de aparcamento e plantacións) situadas en aquel, tanto sobre como baixo rasante, os custos de modificación do seu trazado serán asumidos polos propietarios do edificio no que se solicite implantar unha RP ou ELM debendo solicitar e obter a correspondente autorización administrativa para isto.

d) Os remates de execución de obras de urbanización que sexa necesario realizar no espazo público, tales como pavimentado, chanzos, bordos, entre outros, realizaranse con materiais de idénticas características aos existentes, debéndose cumprir o establecido na normativa municipal.

e) Evitar no posible a perda de funcionalidade do espazo libre e as súas infraestruturas, incluíndo as medidas necesarias para isto. Deberá garantirse especialmente a accesibilidade das edificacións e itinerarios peonís afectados.

f) Garantir o acceso a vehículos de emerxencia. Para a súa autorización, ademais das condicións establecidas nesta Ordenanza, deberá xustificarse especialmente o estrito cumprimento das condicións esixidas na normativa de accesibilidade vixente.

6.2. As obras de instalación de RP ou ELM que se realicen coa licenza urbanística ao abeiro do sinalado na presente Ordenanza terán a consideración de obras de carácter provisional. A licenza, baixo as indicadas condicións aceptadas polo propietario, farase constar no Rexistro da Propiedade, nos termos previstos na lexislación urbanística.

6.3. Previo ou simultaneamente á licenza urbanística de obras, outorgarase unha autorización para a ocupación do dominio público en precario, que cesará cando o edificio sexa substituído, ou ben anticipadamente, cando existan razóns de interese público debidamente acreditadas no correspondente expediente de autorización.

6.4. Deberase presentar un Seguro de Responsabilidade Civil subscrito polo solicitante do elemento que cubra calquera incidencia derivada da existencia do mesmo no espazo público, así como compromiso de mantemento en perfecto estado.

6.5. Esta ocupación privativa estará suxeita á pertinente taxa (única ou anual) cuxo importe quedará fixado no seu correspondente Ordenanza fiscal, sen prexuízo do deber do concesionario a aboar o importe dos danos e perdas que se causaren aos bens ocupados.

6.6. No caso de que a instalación da RP ou ELM afectara ás infraestruturas situadas no dominio público, para cuxa verificación será preceptiva a solicitude dos informes sectoriais previos das empresas subministradoras dos diferentes servizos públicos e redes de infraestruturas, os custos da modificación do seu trazado deberán ser asumidos polos propietarios do edificio no que se solicite implantar a RP ou ELM, debendo quedar definidos tecnicamente a modo de anexo (xustificación, definición técnica e valoración) dentro do correspondente proxecto de instalación da rampla ou ELM cando se solicite a correspondente licenza de obras en vía pública.

6.7. No suposto de que o espazo libre sexa de titularidade pública distinta da municipal, deberá achegarse polo interesado informe técnico favorable e a correspondente autorización de uso da administración titular.

Artigo 7. Imposibilidade de instalación

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Sempre que o cumprimento das condicións de accesibilidade teña incidencia na diminución das condicións básicas doutras normativas de aplicación, quedará a xuízo do Concello das Pontes de García Rodríguez establecer o límite desta redución así como as medidas complementarias e/ou compensatorias que en cada caso se consideren necesarias.

En xeral, serán obxecto de denegación as propostas que incumpran a normativa vixente, as que non sexan alternativas viables en aplicación da dita normativa, ou que non acheguen solucións satisfactorias para calquera dos aspectos que se conteñen nestas Ordenanzas ou a planificación vixente, con especial atención ás seguintes:

- Condicións de habitabilidade e accesibilidade das zonas comúns da edificación ou establecemento (corredores, escaleiras, patios, ventilación...), de acordo co establecido na normativa vixente.
- Condicións de seguridade contra incendios e de utilización respecto ao establecido na normativa de aplicación.
- Integración do elemento no edificio e no seu contorno de acordo co establecido nestas Ordenanzas, así como o establecido nas normas urbanísticas das Pontes de García Rodríguez e as fichas correspondentes se se tratara de intervencións sobre edificios ou contornos catalogados con algún tipo de protección.
- Estrito cumprimento do establecido na normativa vixente en materia de accesibilidade.

No se admitirán solucións que supoñan unha diminución na calidade do espazo público existente, debéndose garantir para isto a linealidade dos itinerarios peonís, a calidade dos acabados, a pervivencia ou mellora do arborado existente, a preservación ou mellora das condicións de circulación e de estacionamento de vehículos na vía pública, ou tendido de redes de infraestruturas conforme ao disposto nas normativas sectoriais.

Artigo 8. Admisión da solicitude

8.1. Deberase presentar Estudio Previo que defina as actuacións a realizar no edificio ou establecemento, ademais das correspondentes á vía pública, xustificando a imposibilidade de resolver a accesibilidade ao edificio ou establecemento no interior do mesmo, sen ocupar a vía pública.

8.2. A solicitude debe presentarse pola propiedade do inmovible.

8.3. Actuacións sobre edificios que forman parte de conxuntos urbanos.

a) Nos casos de actuacións sobre edificios que forman parte de conxuntos urbanos, nos que a solución de bloque sexa unitaria, a proposta presentada deberá ser homoxénea para todas as comunidades, co fin de establecer as condicións comúns sobre localización, dimensións, situación de accesos, acabados exteriores, modificacións e obras no espazo público, etc... de forma que se obteña unha actuación unitaria e coherente para todas as edificacións.

b) A tramitación a posteriori de cada licenza implicará a presentación da documentación necesaria correspondente ao tipo de obra de que se trate de maneira individual, recollendo as singularidades xurdidas en cada caso. Poderán ser solicitadas en momentos diferentes pero sempre acolléndose ás condicións comúns

fixadas no estudo previo inicial.

c) No caso de non existir acordo entre as distintas comunidades afectadas para a resolución dunha proposta común para a instalación, unha vez presentado o primeiro estudo previo viable por algunha das comunidades, o Concello outorgará un prazo máximo de 3 meses, para que as citadas comunidades, poidan formular alegacións, transcorrido o cal, o concello emitirá informe de obrigado cumprimento que indicará as condicións urbanísticas, de localización, dimensións e acabados que deberán respectarse en todas as futuras instalacións do conxunto urbano afectado pola mesma solución construtiva.

8.4. Con respecto á ocupación da vía pública, deberá presentarse no estudo previo indicado, o estado actual da mesma na zona peonil que queda afectada e o seu entorno inmediato, reflectindo os elementos de mobiliario urbano, iluminación pública, vaos peonís e de vehículos, gabias de xardíns e arborado, sinais de ordenación do tráfico, arquetas de redes de servizos urbanos (abastecemento, saneamento, electricidade, telefonía, iluminación pública,...) etc., e igualmente a situación tras a colocación do elemento, coas propostas de modificación que se consideren convenientes nos elementos antes indicados.

8.5. As beirarrúas públicas tras a implantación do elemento deberán respectar todas e cada unha das condicións xerais do itinerario peonil accesible marcado pola normativa vixente en materia de accesibilidade.

A súa execución e deseño, así mesmo, realizarase de tal maneira que non cree problemas de detección ao colectivo de persoas con discapacidade visual, polo que a súa localización se xuntará á fachada, afectando o menos posible ao

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

itinerario libre peonil e non ofrecendo elementos voados cuxo perímetro non poida ser detectable co bastón branco. Non obstante, cando o elemento sobresaia da liña de fachada ou límite edificado, será imprescindible sinalizalo perimetralmente mediante unha banda de pavimento táctil indicador direccional de anchura 40 cm, colocada en sentido lonxitudinal á dirección do tránsito peonil, contrastada cromaticamente co pavimento inmediato.

Artigo 9. Tramitación

Os actos de instalación de RP ou ELM que realicen os particulares en zonas verdes e vías públicas están suxeitos a licenza, sen prexuízo das autorizacións ou concesións que outorgue o concello como titular do solo. A autorización ou concesión e a licenza outórganse ao propietario do edificio ou comunidade de propietarios.

Distinguiranse dous pasos na tramitación, a autorización previa e o procedemento ordinario. cando a RP ou ELM se preveña no exterior do edificio, deberán solicitarse cantos informes se estimen necesarios para coñecer a viabilidade da proposta, con carácter preceptivo e vinculante.

No caso de que a solicitude incidira sobre un espazo de titularidade municipal, o silencio administrativo, de producirse, entenderase desestimatorio para todos os efectos.

9.1. Estudo previo

Para os efectos de aplicación dos artigos anteriores, dada a singularidade destas actuacións, a autorización de calquera instalación estará supeditada á elaboración e aprobación dun Estudo Previo individualizado que aborde a problemática particular de cada caso e xustifique o cumprimento dos aspectos recollidos na presente Ordenanza.

Este procedemento será de aplicación sempre, e terá unha vixencia de 1 ano.

Previo ao procedemento ordinario para a obtención da correspondente licenza urbanística deberá terse tramitado e obtido información urbanística favorable nesta autorización previa.

O Estudo Previo deberá incluír:

- a) Acordo da comunidade de propietarios.
- b) Xustificación técnica fidedigna da imposibilidade de solucións no interior así como en zonas exteriores privativas.
- c) La viabilidade da instalación en relación coa incidencia sobre os condicionantes urbanísticos do seu entorno (aparcamento, vías, accesibilidade, infraestruturas, mobiliario urbano, itinerarios peonís, etc.). Deberán incluírse cantos informes se estimen oportunos de cara á correcta valoración da solución presentada.
- d) O tratamento formal e construtivo das RP ou ELM en relación cos edificios aos que se xunta, tendo en conta as posibles medidas complementarias de accesibilidade necesarias.
- e) A adecuación ao grao de catalogación do conxunto, cando exista.
- f) Nos conxuntos edificatorios, presentarse unha solución global que, caso de aceptarse, será vinculante para todo o conxunto edificatorio. Co fin de salvagardar a unidade do proxecto, o modelo que se defina a propósito da primeira instalación que se acometa haberá de facerse extensible ao resto de instalacións futuras que se soliciten no ámbito del citado conxunto.

A Documentación Técnica do citado Estudo Previo deberá conter polo menos:

a) Memoria descriptiva:

- Descrición xeral do edificio existente e condicionantes presentes, resaltando as características concretas que impiden resolver l accesibilidade no espazo privado.
- Reportaxe fotográfica do estado actual, que deberá incluír un varrido de alzados lindantes. Se ademais se atopa no interior dun Monumento Declarado ou Incoado Ben de Interese Cultural, Ben Catalogado ou Ben Inventariado, a reportaxe fotográfica deberá incluír fotografías do interior do edificio de toda a zona de actuación.
- Proposta de actuación con xustificación e verificación do cumprimento da presente Ordenanza e das normas de accesibilidade vixentes.
- Documentación complementaria que o técnico redactor estime necesaria para a total comprensión da proposta.

b) Planos:

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- Situación
- Infraestruturas e servizos urbanos. Existentes e modificados
- Estado actual: plantas, alzados e seccións.
- Situación proposta. Urbanización actual e modificada.
- Estado reformado. Plantas, alzados e seccións.
- Xustificación de accesibilidade coas medidas necesarias para xustificar o cumprimento das normas vixentes nesta materia.
- Planos complementarios que o técnico redactor estime necesarios para a total comprensión da proposta.

O citado Estudo Previo deberá ser informado e aprobado polo concello, debendo solicitarse cantos informes sectoriais se estimen oportunos de cara á correcta valoración da solución presentada. O concello, de maneira motivada, poderá rexeitar discrecionalmente aquelas alternativas que non resolvan suficientemente o obxecto funcional da instalación. da mesma maneira, o concello poderá rexeitar aqueles deseños que, por falta de calidade desmerezan da edificación sobre a que se pretenda instalar. En estes casos, o concello poderá propoñer ao promotor a solución ou solucións que considere máis idóneas.

A emisión de informe favorable e a aprobación do Estudo Previo a que se refire o presente artigo é independente da licenza urbanística de obras ou de calquera outra licenza ou autorización esixible en virtude do establecido na normativa urbanística ou de ordenación da edificación e, en consecuencia, non prexulga a actuación do órgano municipal competente respecto das citadas autorizacións e licenzas.

O prazo para a aprobación do Estudo Previo será de dous meses, se o mesmo se presenta con anterioridade e de maneira independente á licenza urbanística de obras. O Estudo Previo, se se inclúe como documento técnico adxunto á licenza urbanística, resolverase conxuntamente con esta e no mesmo prazo que resulte de aplicación a esta última. Se transcorreran os prazos antes sinalados, e non se ditase resolución expresa aprobando o estudo previo, o mesmo deberá entenderse desestimado por silencio administrativo.

9.2. Procedemento ordinario.

Unha vez obtida a autorización previa seguirase o procedemento ordinario que se detalla a continuación.

Para a obtención da licenza urbanística deberá solicitarse a mesma achegando a documentación necesaria correspondente ao tipo de obra que se trate en cada caso, asinado por técnico competente e de ser o caso visado polo colexio correspondente, xustificando sempre e en calquera caso o cumprimento dos requisitos recollidos nesta Ordenanza e na autorización previa aprobada con anterioridade.

A documentación conterá, como mínimo, os argumentos esgrimidos na documentación presentada na autorización previa, incluíndo ademais:

- a) Planos de estado actual e reformado de alzados e seccións da edificación, e dos recorridos peonís e rodados existentes e resultantes (acoutados). Xustificarase a integración da intervención no edificio (composición, materiais, etc.) e o seu entorno, propoñendo as obras complementarias para corrixir o seu impacto. Así mesmo deberá grafarse a separación a lindeiros e outros edificios.
- b) En edificacións catalogadas deberá incluírse apartado xustificativo da incidencia nos aspectos patrimoniais obxecto de protección, incluíndo reportaxe fotográfico e, cando sexa necesario para definir o seu impacto, volumetrías que simulen a solución proposta.
- c) Deberase achegar un proxecto de obras complementarias de urbanización que contemplará a solución da urbanización circundante á instalación proposta.

Unha vez recibida a solicitude coa documentación completa, corresponderá ao órgano competente para a tramitación da licenza urbanística determinar que se trata da única solución tecnicamente viable, a cuxo efecto se haberán de emitir preceptivamente os informes correspondentes dos diferentes Servizos Técnicos do concello.

Os informes reflectirán a valoración económica das obras de urbanización necesarias para manter o carácter de espazo público necesario para o correcto funcionamento e calidade urbana do entorno, e que serán executadas polo titular ou solicitante da licenza, e deberán ser recepcionadas polos Servizos Técnicos Municipais.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

As obras e custos de modificación requiridos nas obras de urbanización serán asumidos integramente polos propietarios do edificio no que se solicite a implantación de ELM ou execución de ramplas de acceso. A concesión da licenza de obras solicitada para a instalación de ELM ou ramplas será suficiente para entender concedida a licenza necesaria para as obras de urbanización.

Tanto o Estudo Previo como as licenzas e autorizacións municipais tramitaranse conforme ao sinalado nesta Ordenanza e segundo o disposto nas normas xerais ou especiais que rexen o procedemento de licenzas e autorizacións municipais na comunidade Autónoma de Galicia.

Para a autorización de toda instalación de ELM deberase verificar o cumprimento de toda a normativa sectorial vixente.

Artigo 10. A autorización de ocupación de solo público.

10.1. Para a obtención do título que habilite a ocupación e utilización de bens de dominio público o concello instruirá o oportuno expediente unha vez conste informe técnico favorable no expediente iniciado para outorgar a correspondente licenza urbanística.

10.2. Non se poderá conceder a licenza urbanística sen que previamente se outorgase o título que autorice a ocupación e o aproveitamento dos bens de dominio público necesarios para levar a cabo os actos de mellora da accesibilidade.

10.3. A resolución administrativa conterá no mesmo acto os seguintes pronunciamentos:

a) Un pronunciamento sobre a licenza urbanística que autorizará o emprazamento, as obras precisas e a instalación solicitada.

b) Un pronunciamento sobre a ocupación e o desfrute do dominio público polo período de tempo que se estableza.

Artigo 11. Acta de inicio acta de recepción das obras

Ao inicio das obras, que deberán ser comunicadas ao concello coa debida antelación, procederase xunto cos servizos técnicos municipais á planificación das mesmas, levantándose a acta para o efecto que subscribirán o promotor e o concello.

Unha vez concluídas as obras, solicitarase a recepción das mesmas ao concello levantándose acta de conformidade que asinarán o promotor e o concello e á cal se achegarán os informes das compañías subministradoras das redes que se viron afectadas polas obras, fotografías en formato dixital do estado final, tanto do elemento instalado como do contorno, así como orixinal do Seguro de Responsabilidade Civil.

Artigo 12. Extinción da autorización

A autorización de ocupación do espazo público por elementos de mellora da accesibilidade a edificios, outorgase de maneira temporal e durará ata que o motivo que orixinou a súa concesión conclúa. Por isto esta autorización de ocupación de espazo público por medio destes elementos non se consolidará en ningún momento.

A autorización de ocupación de solo público cesará automaticamente:

- Se o edificio desaparece.
- Se hai unha falta de mantemento grave que supoña un risco para os usuarios e viandantes.
- Cando por interese público acreditado no correspondente expediente, se considere necesaria a súa extinción.

A extinción da autorización non xerará dereito a indemnización por concepto ningún e levará aparelada a obriga, por parte do titular da autorización, da restitución do dominio público ao seu estado anterior.

DISPOSICIÓN FINAL

De acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.

A ordenanza manterá a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa”.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Expedido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), co visto e praxe do concelleiro delegado de Urbanismo e Coordinación do Goberno.

O concelleiro delegado (V.e Pr.)

Antonio Alonso Román